

ACTA DA REUNIÓN DE XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, CELEBRADA O DÍA 11 DE NOVEMBRO DE 2013.

En Sada, a 11 de novembro de 2013 sendo as 19 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse, na Sala de Conferencias da Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX), Concello de Sada.

Asistentes:

- o Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa das mulleres (Asociación Elas) e da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas). Secretaria da Asociación.
- o D. José Juan Rico Rodríguez, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Val de Aranga Asociación Cultural e Deportiva”).
- o D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultura Aberta de Carral).
- o Dna. Sabela Pérez Iglesias, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal).
- o D. José Soto Martínez, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Turismo Sostible de A Coruña).
- o D. Carlos Vales Vázquez, en representación da *Mesa do sector institucional* (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia –CEIDA-)
- o D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Presidente da Asociación.
- o D. Manuel Padín Santos, Concelleiro de emprego, promoción económica e turismo do Concello de Arteixo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o Dna. Marta Iglesias Becerra, Concelleira de Promoción Económica e emprego do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Vicepresidente da Asociación.
- o D. José Angel Sánchez López. Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Sada, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. Eulogio López Río, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s* (ASPACE).

- o Dna. María Teresa Tiemblo Marsal, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG's* (ASPANAES).
- o D. José Francisco Castro Vilariño, en calidade de asesor externo da Asociación Mariñas – Betanzos.
- o D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- o Dna. Concepción Bonome González. Técnica Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.

A SESIÓN DESENVOLVEUSE, CO SEGUINTE RESULTADO:

1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbanse as Acta anteriores. Acta Xunta Directiva día 8 de xullo de 2013; actas acordos a través do enderezo electrónico: 01/08/2013; 10/09/2013; 09/10/2013

2. RESERVA DA BIOSFERA “MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO”.

O presidente da Asociación “Mariñas – Betanzos”, comenta ao respecto da Reserva da Biosfera as seguintes novidades:

- Dende o Consorcio de As Mariñas propónse solicitar un Axente de Desenvolvemento Local (ADL) para traballar no eido da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, feito que se valora positivamente.
- Tamén dende o Consorcio de As Mariñas, están a elaborar un libro de “Os Bolechas” ambientado na Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”.
- No Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020, estase traballando dende “Mariñas – Betanzos” para que existan liñas de axuda para as Reservas da Biosfera galegas.
- Estase tamén traballando coas outras Reservas Galegas na creación dunha Rede de Reservas galegas, así como avaliando a creación dunha posible rede co ámbito Arco Atlántico.

A elaboración do Plan de Xestión (2013-2017) a cinco anos que concrete as accións recollidas no Plan de Acción 2013-2022, foi decidido polo Consello de Dirección da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” na súa primeira reunión, en xuño de 2013.

En busca de fortalecer o Plan de Xestión como unha ferramenta útil, axil e eficiente acórdase desenvolver un proceso de participación da poboación local que permita trasladar ao Documento final os intereses en puntos de vista dos diferentes sectores sociais da poboación implicada na Reserva de Biosfera. Desta maneira preténdese incorporar a opinión dos habitantes na adopción de decisións, artellando un documento de consenso que reforce a posta en marcha e o funcionamento da Reserva da Biosfera.

Acórdase que as fases neste proceso de participación para a elaboración do Plan de Xestión 2013-2017 serán as seguintes:

1. Revisión de documentos de referencia para a xestión da Reserva de Biosfera

Estudo e investigación de documentos relacionados e de influencia no que respecta ás reservas de biosfera, ademais de información sobre ás futuras políticas no que á conservación da natureza e desenvolvemento rural se refire.

2. Elaboración do “Documento para o debate V.1”

Realización por parte do equipo técnico da Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas-Betanzos” do primeiro borrador do plan, servindo este como documento para o debate.

3. Presentación nas Mesas sectoriais da Asociación “Mariñas-Betanzos”.

Difusión e presentación do Documento V.1 aos membros da Asociación “Mariñas-Betanzos”, mediante as mesas sectoriais. Debate e achegas sobre o primeiro borrador e apertura do prazo para a recepción de alegación/propostas ao borrador do Plan de Xestión (2013-2017).

4. Elaboración do “Documento para o debate V.2”

Organización, estudo e incorporación das alegacións presentadas polos socios de Mariñas - Betanzos e corrección de erros identificados. Redacción do segundo documento.

-----DESENVOLVIDO ATA AGORA-----

5. Reunións de traballo coa sociedade civil segundo ámbitos e presentación nos concellos na busca de fomentar a participación da poboación local.

Tratando de integrar da mellor forma posible as ideas existentes, os diferentes puntos de vista e as opinións dos axentes territoriais así como reforzar a información e participación, convócaranse reunións de traballo abertas á sociedade nos seguintes ámbitos: social; político; institucional; científico e empresarial. Estas reunións estarán dirixidas a perfilar o documento final do Plan de Xestión e estarán abertas a todo tipo de entidades, organizacións, colectivos ou persoas individuais interesadas.

Ao mesmo tempo realizarase a presentación deste segundo borrador do Plan nos 17 concellos que forman parte da Reserva, tratando de darlle a máxima difusión e fomentando a participación dos habitantes na elaboración deste Plan de xestión.


Acórdase que estas xornadas de traballo sirvan tamén para acompañar o deseño da estratexia de desenvolvemento rural cara a nova candidatura Leader 2014-2020.

6. Documento definitivo “Plan de Xestión Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeos (2013-2017)” e proposta de Candidatura Leader (2014-2020).

O resultado final deste proceso de participación será o deseño e aprobación do Plan de xestión da Reserva para os próximos 5 anos, que conte co consenso e a participación de todos os axentes territoriais. Ademais, definiranse as principais liñas de traballo da futura Candidatura Leader (2014-2020).

O período de tempo que se estima dure este proceso será de entre 8 e 12 meses.

A continuación amósase un esquema da metodoloxía a seguir.



O representante do CEIDA, Carlos Vales comenta que a súa entidade lle concederon unha axuda da Fundación Biodiversidad para: equipamentos de educación ambiental e creación dun Programa de Responsabilidade Social Empresarial (RSE) asociado á Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, que se coordinará con Mariñas – Betanzos.

3. SEGUIMIENTO PROGRAMA LEADER

3.1. INFORME PROXECTOS EXECUTADOS A 31 DE OUTUBRO DE 2013

Detállanse os proxectos que presentaron a solicitude de pago nesta anualidade e que posteriormente foron remitidos a Agader

PROXECTOS	INVESTIMENTOS	AXUDA
Dinamización explotación agraria en Vixoi (Bergondo) nº124	62.597,66	25.039,06
Explotación horta en Figueroa (Abegondo) nº 136	31.410,32	12.564,13
Acondicionamento local para exposición, punto de venda, degustación e formación Nº178.	11.500,00	3.832,95
Ampliación viveiro multiplicación de variedades tradicionais Nº 212.	193.128,29	71.628,49
Ampliación empresa adicada ao comercio ao por maior Nº54.	114.254,19	8.700,68
Melloras en industrias de panadería. Nº 114.	60.800,00	17.632,00
Fabricación estruturas metálicas especiais Nº94.	245.835,28	83.271,45
Modernización estudo de fotografía en Abegondo Nº 116.	7.543,03	2.526,92
Ampliación empresa de servizos forestais en Carral II. Nº 160.	49.560,00	14.070,00
Aforro enerxético na alimentación nas explotacións Nº 192.	164.000,00	63.140,00
Reforma pavillón de persoas con parálise especial Nº 52 .	799.019,97	204.950,00
TOTAL	1.739.648,74	507.355,68

Por outra banda detállanse os proxectos que solicitaron prórroga ata o 15 de novembro e que están pendentes de envío a Agader:

Ampliación campo de Golf en Larín Nº46	109.690,28	47.740,00
Mellora tecnolóxica e produtos en industria dedicadas a fabricación de moveis industriais e comerciais en Almeiras Culleredo. Nº 118.	335.042,40	88.786,24
Creación punto de venda en explotación Oza dos Ríos. Nº 28.	20.450,02	7.873,26
Reforma pavillón de persoas con parálise especial nº 52	799.019,97	45.050,00
TOTAL	465.182,70	144.399,50

3.2. EXPEDIENTES PENDENTES PARA O PERÍODO 2014-2015

PROXECTOS MEDIDA 411	Investimentos	Axuda
L11-41100-29-0138 Plantación Lúpulo Galego na Comarca as Mariñas-Betanzos (axuda 40%)	62.280,95	24.912,38
L12-4110-29-188 Punto degustación en adega en Paderne (39,75%)	3.830,00	1.522,43
L13-411-29-214 Creación microcervexería artesán "Eira da Pereira".	18.963,72	pendiente
L13-411-29-216 Cultivo e procesado de estevia en Aranga. Artesana Mondi S.L. (45%)	18.884,84	8.498,18
L13-411-29-218 Ampliación actividades serradoiro en Carral. Andrés Seoane (38,5%)	6.854,27	2.638,89
L13-411-29-220 Implantación de actuacións de aforro enerxético na explotación gandeira. Manuel Lista Mato (37,5%)	267.427,12	100.285,17
L13-411-29-222 Creación sala envasado kiwi e fresa Frutas Geixade S.C. (45%)	189.543,00	85.294,35

PROXECTOS MEDIDA 411	Investimentos	Axuda
L13-411-29-226 Mellora eficiencia enerxética en explotación de maceiras sidra (Juan Rico) (44,50%)	2.328,64	1.036,24
L13-411-29-228 Ampliación viveiro Ártabro.S.A.T viveiros ártabro nº 851 xuga.	82.000,00	
L13-411-29-236 Nave complementaria á implantación dun campo de cepas para produción e comercialización de castaño híbrido. IVÓN DÚO SUAREZ. (33,83 %)	47.026,82	15.909,17
L13-41100-29-238 Adquisición de tractor para modernización e mellora tecnolóxica dunha explotación de floricultura. Josefina Sánchez López	40.500,01	
L13-411-29-246 Posta en marcha produción ecolóxica	15.000,00	
PROXECTOS MEDIDA 413	Investimentos	Axuda
L11-413-29-112 Creación empresa comercializadora ao por maior de maquinaria agrícola -gandeira (35% axuda)	304.434,75	106.552,16
L11-413-29-118 Mellora tecnolóxica e produtos en industria dedicadas a fabricación de moveis industriais e comerciais en Almeiras. (Investimentos 335.042,40.-€). Axuda Total:87.262,38.-€)	335.042,40	41.872,48
L11-413-29-122 Implantación dunha empresa de fabricación de pezas de madeira para o sector da carpintería. Pilar Prado Seoane 43%	166.313,35	71.514,74
L11-413-29-128 Modernización empresa madeireira en Oza dos Ríos. Hermanos García Rocha (37,50% axuda)	53.643,62	20.116,36
L11-413-29-132 Creación empresa enerxías renovables especializada en enerxía eólica (32,50%)	39.374,39	12.796,68
L11-413-29-142 Ampliación de actividades do Club de Tennis a Pedralba (44,92%)	133.061,94	59.771,42
L11-413-29-154 Creación clínica veterinaria en Abegondo (45%)	37.041,79	16.668,81
L11-413-29-156 Construción pista para actividades deportivas e culturais (33,71%)	46.162,33	15.561,32
L12-413-29-162 Creación campo de Pitch and Putt en Paderne (45%)	210.716,49	94.822,42
L12-413-29-164 Ampliación serradoiro en Vilacoba. Maderas J.Seoane (40,92 %)	30.000,00	12.276,00
L12-41300-29-0174 Ampliación actividades serradoiro de madeiras en Betanzos. Viserosca (44,33)	348.111,00	120.000,00
L12-413-29-182 Creación centro hípico en Carral (44,25)	175.229,77	77.539,17
L12-413-29-194 Residencia 3º idade en Bribes (Cambre). (45%)	197.715,74	88.972,08
L12-413-29-198 Creación restaurante de produtos do territorio e actividades complementarias "Mesón xente no camiño"(45%)	141.511,71	63.680,27
L12-413-29-190 Dinamización e diversificación do sector forestal. Ampliación de servizos no medio rural. Agroforestal Candal (33,50%)	273.860,95	91.743,42
L12-413-29-204 Complexo de restauración especializado en eventos. Promotor Complexo Avadiz S.L.	110.000,00	
L13-413-29-230 Creación clínica fisioterapia en Oza dos Ríos (45%)	18.494,60	8.322,57
L13-413-29-234 Ampliación empresa servizos forestais en Culleredo (Maderas Reboredo S.L.)	14.520,00	
L13-41300-29-240 Creación pastelería tradicional. Verónica López Gómez	12.300,00	
L13-413-29-242 Construción de tanatorio. Funeraria Mariano S.L.	1.200.000,00	
L13-413-29-244 Creación empresa servizos agrarios. Carlos Mallo Ares.	110.000,00	
L13-413-29-248 Conservación do patrimonio rural de Mántaras (Irixoa)	196.154,98	
L13-413-29-250 Recollida selectiva roupa (Insertega) en Culleredo	350.000,00	
L13-413-29-252 Parque de ocio infantil en Bergondo. PEQUE MONSTERS S.L.	30.000,00	
L12-413-29-170 Ampliación entidade adicada a refuxio de animais II (50%)	106.995,06	53.497,53

3.3. PROPOSTAS COMITÉ SEGUIMIENTO PDR GALICIA 2014-2020

A Autoridade de Xestión do PDR de Galicia está a traballar na planificación da nova programación de desenvolvemento rural para o período 2014-2020.

A tal efecto, convocaron á Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia a unha reunión o 7 de novembro de 2013, en Santiago de Compostela, á que asistiu o representante e Presidente da Rede Galega, José A. Santiso Miramontes.

Teñen enviado un primeiro documento de avance do PDR de Galicia para o período 2014-2020 e que cubre os aspectos relacionados coa análise de contexto, a selección de necesidades e o deseño da estratexia, que foi enviado ás Mesas sectoriais de Mariñas – Betanzos.

A Asociación “Mariñas – Betanzos” propondrá ao respecto das Reservas da Biosfera incorporar as 6 Reservas de Biosfera de Galicia, que (ocupan o 25% do territorio de Galicia), como territorios prioritarios para focalizar liñas de acción innovadoras en conservación e desenvolvemento sustentable dos recursos naturais, na liña da Estratexia Europa 2020.

4. INFORME DE ACTIVIDADES:

4.1. II SEMANA DA CUSTODIA DO TERRITORIO NAS MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO.

A II Semana de Custodia do Territorio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo; organizouse conxuntamente entre a Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos” e a Fundación Fragas do Mandeo entre o 22 de setembro e o 6 de outubro de 2013.

Esta segunda edición tiña como fin amosar unha serie de iniciativas nas que a cidadanía se implica directamente na conservación do patrimonio natural e etnográfico da súa comarca, mediante actuacións de apadriñamento e custodia do territorio. O obxectivo era fomentar no territorio da Reserva da Biosfera o voluntariado ambiental a través de exemplos concretos, de xeito que os seus cidadáns tamén se animen a comprometerse e sintan a satisfacción de participar en accións directas e eficaces para mellorar o noso medio ambiente.

As actividades que se realizaron foron as seguintes:

DATA	ACTIVIDADE
22/09/2013	Xornada Voluntariado: Limpeza de invasoras e lixo na praia da Alameda.
26/09/2013	Conferencia: Para que serven as aves?. Antonio Sandoval
28/09/2013	Xornada Custodia do Territorio e apadriñamento: A implicación cidadá na conservación da natureza
29/09/2013	Xornada de Voluntariado: Limpeza simultánea dos ríos galegos. Río Mendo
05/10/2013	Xornada de Voluntariado: Des-eucaliptización nas Fragas do Mandeo.
06/10/2013	Excursión: Visita á Lagoa de Sobrado

Con respecto a esta xornada, destacar o éxito de público nas actividades programadas, así como felicitar aos representantes da Fundación Fragas do Mandeo polo traballo desenvolvido de organización.

4.2. ALUMNOS PRÁCTICAS: MASTER PROXECTOS USC; BOLSEIRA DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR; CREACIÓN E XESTIÓN DE VIAXES COMBINADOS E EVENTOS DO CONCELLO DE ABEGONDO.

A Asociación Mariñas-Betanzos ten asinado coa Universidade de Santiago de Compostela un convenio para a realización de prácticas de alumnos do Máster oficial en Dirección Integrada de Proxectos. O alumno Jesús Soto Carreira realizou as súas prácticas dende o 2 de setembro ata o 8 de novembro de 2013. As tarefas que desenvolveu foron: elaboración especificacións técnicas na industria agroalimentaria; valorización técnico económica da adaptación de casetas de obra para implantación de pequenas industrias agroalimentarias, que serviron como base para a elaboración da “Guía de apoio á creación de agroindustrias” que se pode descargar na web www.marinabetanzos.org.

Estas prácticas non levaron aparelado custe para a Asociación Mariñas – Betanzos.

4.3. CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NON LABORAIS, PARA ALUMNOS DO PLAN AFD.

No mes de outubro foron asinados co Concello de Abegondo dous convenios de colaboración para a realización de prácticas non laborais, dentro do programa formativo para alumnos do Plan AFD: - 2 persoas do curso “Creación e xestión de viaxes combinados e eventos”, impartido polo Concello de Abegondo, que realizarán as prácticas dende o 5 de novembro ata o 2 de decembro de 2013: María Fuentes Rey. / Óscar Sabín Saavedra. Estas dúas persoas traballaran no deseño de material promocional da Reserva (mapas temáticos e na imaxe gráfica). Estas prácticas non levan aparelado custe económico para a Asociación.

4.4. ACOLLEMENTO BOLSEIROS POR PARTE DE EMPRESAS E ENTIDADES RELACIONADAS CO SECTOR AGROFORESTAL E ALIMENTARIO E UNIDADES DEPENDENTES DA SECRETARIA XERAL DO MEDIO RURAL E MONTES.

A Licenciada en veterinaria, Ana Bogueiro Domingo, resultou beneficiaria dunha bolsa da Consellería do Medio Rural e do Mar para a realización de prácticas na Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos” dende o 5 de setembro ata o 30 de novembro de 2013. O programa formativo de prácticas planificado está distribuído en dúas temáticas diferentes:

- Estudio do mercado de produtos ecolóxicos e potencialidade da súa produción na área de influencia da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, (dispoñible na web da Asociación).
- Deseño das condicións a cumprir por unha posible Marca de Calidade ligada aos produtos agroalimentarios no ámbito territorial da Reserva da Biosera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”. Recompilación de información.

4.5. XUSTIFICACION INICIATIVA XOVE 2013. GUÍA APOIO CREACIÓN AGROINDUSTRIAS

Proxecto subvencionado pola Consellería de Traballo e Benestar coas axudas enmarcadas no PROGRAMA DE INICIATIVA XOVE 2013. Dende “Mariñas – Betanzos” trabállase de xeito continuo no apoio a proxectos de emprendemento e xeración de empresas no territorio. Co obxecto de difundir e fomentar o emprendemento dentro da xuventude, elaborouse unha nova ferramenta que facilitara a creación e desenvolvemento de iniciativas emprendedoras relacionadas coa agroindustria no ámbito rural, demanda que nos tiñan achegado os alumnos do Programa Integrado de Emprego “Rural Emprega”. Por este motivo elaborouse e difundíuse entre os mozos e mozas do territorio a “Guía de apoio á creación de agroindustrias para a mocidade nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”. Para poder levar a cabo esta guía, o equipo técnico da Asociación Mariñas – Betanzos implicouse ao 100% no proxecto, tanto na identificación, como na busca e recompilación de datos para a elaboración da Guía; así como organizando actividades, seguindo a liña de acción posta en marcha fai anos pola Asociación; realizando actividades formativas, de transferencia de coñecementos; ademais de diversos proxectos postos en marcha para dar resposta ás necesidades agroindustriais do territorio. O coste total das accións foi de 4.000 Euros.

4.6. PROXECTOS NON CONCEDIDOS: PROGRAMA INTERREG; PROGRAMA LIFE.

4.6.1. PROGRAMA LIFE 2013: “LIFE AGRONATURAL HERITAGE”.

Este proxecto foi presentado o pasado 25 de xuño de 2013. O obxectivo principal deste proxecto era frear a perda dos hábitats “prados de sega de baixa altitude” e nos “bosques aluviales de *Alnus glutinosa* y *Fraxinus excelsior*” ligados ós agrosistemas nas Reserva da Biosfera “Terras do Miño” e “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, caracterizando a contribución que teñen os sistemas agrarios tradicionais ao seu mantemento e identificando estratexias de xestión de terras respectuosas coa biodiversidade.

As entidades socias do proxecto, do que a Asociación Mariñas – Betanzos era a entidade coordinadora eran: a Universidade de Santiago de Compostela, o Centro de Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA); a Asociación Galega de Custodia do Territorio e o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo – Ingacal.

O orzamento total ascendía a 461.918 euros, dos que se solicitan 230.959 euros.

Comunícase que este proxecto foi desfavorable.

4.6.2. PROXECTO INTERREG ARCO-ATLANTICO. SISTEMAS ALIMENTARIOS LOCALES

O Comité das Rexións elaborou un Dictame sobre os “Sistemas de Alimentos Locais” (DO C 104, de 2 de abril de 2011), identificando que estes constituen un apoio á economía rexional e local, sendo da maior importancia en zonas desfavorecidas, pois constitúen un acicate para a valorización do potencial local e un factor de mellora da imaxe de territorios.

No mesmo Dictame, recóllese que os canais curtos de distribución que forman parte dos Sistemas Alimentarios aumentan a interacción entre consumidores e produtores, creando relacións de confianza e a posibilidade de trazabilidade inmediata dos produtos por parte dos consumidores, proporcionando aos territorios un nivel básico de soberanía alimentaria. Ademais producen beneficios ambientais, gracias a uns sistemas de produción e distribución máis sostibles e comprometidos.

O presente proxecto propón a implantación de Sistemas Alimentarios Locais en distintos territorios de cinco Estados del Arco Atlántico cun mercado compoñente urbano-rural e en distintas realidades sociais, normativas e económicas, cos obxectivos de identificar os aspectos clave neses procesos, validar metodoloxías adaptadas a cada realidade rexional, avaliar resultados e sacar conclusións para o seu futuro desenvolvemento na Unión Europea, orientado ao período de programación 2014-2020.

Outros datos e orzamento.

Duración proxecto: 1,5 anos. Terminar antes del 31 de marzo de 2015.

Socios propostos (3-4 por Estado: Reino Unido, Irlanda, Francia, Portugal, España)

Custes por cada territorio participante: +/- 100.000 euros.

A porcentaxe de axuda é do 65% dos custes elixibles.

INFORMÁSE QUE ESTE PROXECTO FOI DESFAVORABLE.

4.7. INFORME FINAL PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO: RURAL – EMPREGA (2012-2013)

O 17 de outubro de 2012 recibíuse resolución favorable de concesión de subvención para a execución deste Programa Integrado de Emprego.

Obxectivo: Dar formación teórico/práctica a desempregados baixo a visión da agricultura ecolóxica como principal elemento diferenciador.

Actuacións do Programa:

- Selección de participantes.
- Información e inicio das actividades.
- Formación teórica e práctica.
- Prácticas en empresas.
- Apoio na inserción laboral.

TRES ITINERARIOS FORMATIVOS:

- I- PRODUCCIÓN HORTÍCOLA ECOLÓXICA. 35 persoas
- II- AGROINDUSTRIA E TRANSFORMADOS. 35 persoas
- III- COWORKING E INICIATIVA EMPRENDEDORA. 30 persoas

En distintas actividades contempladas no Itinerario III, contouse coa colaboración das seguintes entidades:

- ❖ **Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE);** formación e titorización para a xeración de ideas e iniciativas emprendedoras.
- ❖ **Subdirección Xeral de Cooperativismo e Economía Social;** Iniciativa REDE EUSUMO.
- ❖ **Fundación Juana de Vega;** Xornadas técnicas dirixidas aos participantes no Programa Integrado.

Actividade	Duración	Horario	Lugar
Teoría (Itinerario I; Horta Ecolóxica)	17/12/2012 - 22/02/2013 (75 horas)	Luns e Xoves (9:00 – 14:00 h)	O Naranxo (Abegondo)
Teoría (Itinerario II; Agroindustria e transformados)	18/12/2012 - 15/02/2013 (75 horas)	Martes e Venres (9:00 – 14:00 h)	O Naranxo (Abegondo)
Práctica (Itinerario I; Grupo A1)	03/01/2013 - 12/04/2013 (75 horas)	Xoves (15:00 – 19:00 h)	Vilartó (Cambre)
Práctica (Itinerario I; Grupo A2)	02/01/2013 - 12/04/2013 (75 horas)	Mércores (9:00 – 13:00 h)	Vilartó (Cambre)
Práctica (Itinerario II)	12/02/2013 – 10/04/2013 (75 horas)	Martes e Mércores (16:00-20:00 h)	CFEA Guísamo (Bergondo)
Itinerario III; Coworking	06/02/2013 - 10/04/2013 (100 horas)	Martes e Mércores (9:00-14:00 h)	O Naranxo (Abegondo)

5. PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO: RURAL – EMPRENDE (2013-2014)

Con data 4 de outubro de 2013 a Asociación Mariñas-Betanzos recibiu unha axuda da Consellería de Traballo e Benestar de acordo á Orde do 18 de abril onde se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de Programas integrados para o emprego durante os anos 2013 e 2014.

A denominación do programa concedido é “RURAL – EMPRENDE”

O Programa RURAL EMPRENDE está enmarcado nos Programas Integrados para o Emprego dirixidos á inserción laboral das persoas en situación de desemprego. Este Programa está sendo posto en marcha pola Asociación de Desenvolvemento Rural "Mariñas - Betanzos" e cofinanciado pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia. O importe da axuda concedida para as anualidades 2013 e 2014 ascende a 43.680.-€. Esta axuda leva aparellada unha cofinanciación de 7.708,22.-€.

Nº de participantes: 60 / Período execución: 15 outubro 2013 a 14 de outubro 2014. As accións finalizarían inicialmente o 14 de maio de 2014.

Colectivos a quen va dirixido:

- Persoas desempregadas de longa duración. 9 persoas
- Mulleres. 27 persoas
- Menores de 30 anos: 15 persoas
- Persoas inmigrantes. 3 persoas
- Persoas con discapacidade. 6 persoas

As actuacións do programa articularanse en torno a tres itinerarios de formación específicos:

- ITINERARIO I: Formación e Integración Laboral en Producción Hortofrutícola Ecolóxica. Asinarase un Convenio co Concello de Oleiros para impartir a formación en invernadoiro e aula do Concello de Oleiros.
- ITINERARIO II: Formación e Integración Laboral en Agroindustria e Transformados. Asinarase un Convenio co Centro de Capacitación Agraria de Guísamo (Bergondo).
- ITINERARIO III: Fomento da Iniciativa Emprendedora “Aprender a emprender no medio rural”. Aula o Laranco de Abegondo.

A Xunta Directiva faculta á Asociación Mariñas – Betanzos, e na súa representación ao Presidente da Asociación, D. José Antonio Santiso Miramontes, para a tramitación e sinatura de arrendamento ou acordos de cesión de parcelas a través do **BANCO DE TERRAS DE GALICIA** coa finalidade de apoio e desenvolvemento de iniciativas vinculadas ao emprendemento no eido da produción agrícola no seu territorio de actuación.

5. INFORME EXECUCIÓN PROXECTOS DE COOPERACIÓN

O 15 de novembro de 2013 remata o prazo para xustificar os proxectos de Cooperación en fase de execución do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino.

Xustificáronse os seguintes proxectos de cooperación en vigor:

5.1. NOVOS HORIZONTES 2010-2013.

As actividades levadas a cabo dende a Asociación Mariñas-Betanzos na execución deste proxecto no segundo semestre de 2013, consisten en labores de vixilancia, control e identificación de pragas e enfermidades en parcela experimental, labores de control de produción de variedades autóctonas de tomate.

O 28 de outubro de 2013 celebrouse no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo a Xornada Técnica “Variedades de Conservación”.

Nesta xornada tentáronse dar pasos para garantir a posta en valor de moitos dos esforzos realizados durante estes últimos anos no proxecto a través dos fundamentos para o rexistro dalgúns dos cultivos obxecto de traballo empregando a figura das variedades de conservación. Ademais tivemos ocasión de comprobar os métodos de traballo noutras áreas xeográficas e os procedementos para a caracterización organoléptica dun produto agroalimentario. Por último, puidemos escoitar de primeira man como este tipo de variedades teñen un nicho claro de mercado, o cal xa se está a demandar tanto dende os consumidores como dende os puntos de venta.

Dentro desta Xornada realizouse unha Cata de variedades autóctonas de mazá. A selección e recollida das variedades que se utilizaron nesta cata desenvolveuse os días 9, 11 e 14 de outubro de 2013.

Importe xustificado: 5.130,15.-€

5.2.- “TERRITORIOS RURALES COMPROMETIDOS CON EL CAMBIO CLIMÁTICO”.

Para a realización das accións vinculadas a este proxecto foi contratado un enxeñeiro de montes.

Os obxectivos deste proxecto buscan identificar estratexias que contribúan á redución das emisións de CO2 nos territorios asociados, tratando que as oficinas LEADER traballen pola loita contra o cambio climático dunha forma próxima á poboación local.

Accións realizadas:

- Promoción da compostaxe como método para a reutilización de restos orgánicos. Posta en marcha da experiencia piloto de compostaxe nunha explotación agrícola de horta.
- Reedición do “Manual de Compostaxe Doméstica”.
- Creación e seguimento dunha rede de recollida e reciclaxe de aceite doméstico usado, nos centros educativos do ámbito territorial da Asociación.
- Divulgación e animación dunha rede de recollida de tapóns dentro da iniciativa “Tapóns para unha nova vida” da Fundación Seur.
- Creación de mercados de segunda mano nos concellos que o soliciten: Coordinación co Concello de Abegondo na organización do “I Mercado Mercado de Segunda Man e Troco de Abegondo” o día 13 de outubro de 2013.
- Estudio do mercado de produtos ecolóxicos na área de influencia da Asociación, para a animación do emprendemento. Enquisas a tendas de produtos ecolóxicos situadas dentro do ámbito territorial de “Mariñas – Betanzos”.
- Asesoramento no estudio de viabilidade técnico-económica dunha planta de compostaxe no Centro Hípico “Los Porches”. Arteixo.

Importe xustificado: 11.456,21.-€

5.3. ASGAIA INNOVACIÓN 2011-2014

Dentro dos obxectivos previstos neste proxecto están as actuacións de apoio á comercialización de produtos locais, de deseño publicitario e de marketing que axuden á promoción das industrias agroalimentarias participantes.

Promoción da comercialización en circuitos curtos:

- SonDaqui: Esta xornada celebrouse o 12 de outubro de 2013 no Mercado de San Agustín da Coruña. A Asociación Mariñas – Betanzos colaborou nesta iniciativa a través da implicación e acompañamento dalgunhas empresas agroalimentarias: “A Horta de Vilariño” de Cesuras – Oza; “La Huerta de la Almuzara” de Bergondo e Viña Artabra de Betanzos.

Eficiencia enerxética:

- Auditorías enerxéticas a empresas do territorio.
- Estudio de eficiencia enerxética no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo.

Xornada “Territorios, Marcas de Calidade e Produtos Locais”

Celebrouse no Castelo de Santa Cruz (Oleiros) o 23 de outubro de 2013 en xornada de mañá. A xornada da tarde consistiu nunha visita guiada a algunhas das agroindustrias do territorio: Casa Beade e Viña Artabra, as dúas en Paderne.

O principal obxectivo desta xornada era a de informar aos asistentes das ventaxas que pode supoñer a constitución dunha marca de calidade de produtos agroalimentarios asociada á Reserva da Biosfera.

Importe xustificado: 6.164,54.-€

5.4. -“CALIDAD AGROALIMENTARIA”

Dentro dos obxectivos principais do proxecto de cooperación “*Calidad Agroalimentaria. Señas de Identidad de los Territorios*” atópase a procura do aumento da competitividade das pemes agroalimentarias dos territorios participantes así como tratar de reforzar o vínculo territorial entre a imaxe dos produtos locais e as empresas.

No período correspondente ao segundo semestre da anualidade 2013, os traballos efectuados foron os seguintes:

- Visita e avaliación de dúas adegas acollidas á figura de calidade “Viño da Terra de Betanzos”: coa visitas ás industrias “Adegas Lorenzo Bescansa” e “Bodegas Eladio” complétase así a xeira de avaliacións da totalidade das adegas que dispoñen actualmente da contraetiqueta expedida polo INGACAL.
- Valoración entre as adegas visitadas da posible creación dunha “Ruta das Adegas”.
- Recollida de opinións e valoracións sobre o borrador de “Manual de Usuario da Ruta das Adegas”.
- Primeiros pasos para a constitución dunha asociación de adegueiros vinculada á figura de calidade “Viño da Terra de Betanzos”.
- Exercicio de contraste con visita de proba ás adegas: Casa Beade e Viña Ártabra (23/10/2013).
- Elaboración, edición e reparto entre as seis adegas dun Panel do Proceso Produtivo de cara ao seu emprego como apoio ás visitas da eventual “Ruta das Adegas”.

Importe xustificado: 3.468,37.-€

6. SUXESTIONS E PREGUNTAS

6.1. INFORME PROXECTOS APROBADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER 2007-2013:

IMPLANTACIÓN DUNHA EMPRESA DE FABRICACIÓN DE PEZAS DE MADEIRA PARA O SECTOR DE CARPINTERÍA L11-41300-29-0122.

Con data 28 de setembro de 2011, a promotora do proxecto, Pilar Prado Seoane, solicitou unha axuda para a creación dunha empresa para a fabricación de pezas e elementos de madeira principalmente para o sector da carpintería.

A promotora desta iniciativa é unha muller (Pilar Prado Seoane) que quere adicarse a esta actividade, xunto co seu marido. O marido da promotora conta na actualidade cunha carpintería no Concello de Oza dos Ríos e considera que a nova empresa vai contribuir a diversificar e incrementar a produción de elementos de madeira. A nova empresa adicarase a fabricación de marcos, vigas, escaleiras, pasamáns. Os investimentos consisten na construción da nave e na adquisición da maquinaria necesaria para o desenvolvemento da actividade.

A promotora adquire o compromiso de creación dun emprego por conta alléa.

Esta iniciativa encaixa na medida 413.- Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida. Creación de PYMES. Os investimentos deste proxecto ascenden a 166.313,35.-€ (196.249,75.-€ con IVE).

Con data 07 de novembro de 2013, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 66 puntos, correspondéndolle un 43 % de axuda do Programa Leader que ascende a 71.514,74-€.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER e que se teña en conta a Licenza para primeira transformación; (olho non é un serradoiro, haberá que xustificar licenza para obras).

6.2. PROPOSTAS DOS ASISTENTES.

6.2.1. Marca de calidade asociada á Reserva da Biosfera. Infórmase que estase a traballar neste eido e se traerá un borrador proximamente.

6.2.2. O representante da Asociación Cultura Aberta de Carral, Anxo Ferreiro, pregunta que si a Reserva da Biosfera traerá ou non fondos. O representante do CEIDA, Carlos Vales, resposta a este respecto que ata a crise había axudas do Ministerio de 1.000.000.-€ por Reserva/ano, pero dende o período de crise se suprimiron. A estratexia pasa agora por que se incorporen as Reservas como territorios centrais para a conservación dentro dos PDR (2014-2020).

6.2.3. O representante de ASPACE, Eulogio López Río, pide que todas as actuacións que se financien no LEADER, que teñan en conta as barreiras e a accesibilidade. Informa tamén que queren promover unha reunión das entidades sociais para recoller inxedanzas para a Reserva da Biosfera e como se podería traballar conxuntamente.

Tamén informa que se enviou unha petición de ASPACE Galicia a “Mariñas – Betanzos”, para que a Consellería de Sanidade declare o 2014 “Ano Galego da Parálise Cerebral”. A declaración do ano 2014 coma Ano Galego da Parálise Cerebral, constituiría un xusto recoñecemento á labor das entidades, á vez que contribuiría a potenciar o obxectivo fundamental da Federación ASPACE-Galicia en pro da integración das persoas con parálise cerebral, coma membros activos da sociedade.

Se acorda enviar a todos os concellos o escrito de petición para que o asinen y darlle difusión a través das entidades.

6.2.4. A representante da Asociación Roxín Roxal solicita por favor, se procure enviar a documentación da convocatoria cunha semana de antelación, para poder ser revisada con tempo.

6.3.-CONVOCATORIA DE AXUDAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, DE PROGRAMAS DIRIXIDOS A ENTIDADES PARA ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DURANTE O ANO 2014.

Este mes de novembro de 2013, está previsto que se publique no BOP a convocatoria de axudas da Deputación Provincial da Coruña de programas dirixidos a entidades para actividades e investimentos de promoción económica do ano 2014.

Por tal motivo, a Xunta Directiva autoriza ao equipo técnico a preparar dúas solicitudes para esta convocatoria que serán informadas debidamente na vindeira reunión de Xunta Directiva, delegando no presidente da Asociación Mariñas-Betanzos, Don José Antonio Santiso Miramontes o seu desenvolvemento e sinatura, así como en Dona Concepción Lema Torre, Secretaria da Asociación.

Non se produce máis intervencións dándose por rematada a reunión ás 21.30 horas.

En Bergondo, a 11 de novembro de 2013

A Secretaria

Asdo.: Dna. Concepción Lema Torre

Vº e prace Presidencia

Asdo.: D. José A. Santiso Miramontes